

SEMANA 9-15 XUÑO

MARTES 9: *Imos preparar un xogo de contar.*



Escribimos nunhas tarxetas os números do 1 ó 3 e collemos pinzas da roupa. Os nenos teñen que colocar tantas pinzas como indica o número.

A continuación imos cantar a canción dos números:

<https://www.youtube.com/watch?v=NGrFgQ4trxU>

**Ao final tedes fichas para seguir traballando.*

MÉRCORES 10: *Imos empezar repasando as vogais cunha canción moi divertida: La risa de las vocales:*

https://www.youtube.com/watch?v=Bf_li_HJ8M




Seguimos practicando o trazo con este sinxelo xogo. Podemos utilizar sal, area ou mesmo pan raiado.

As tarxetas podemos poñelas como se ve no debuxo ou escondidas debaixo e teñen que facer o trazo por enriba.

**Déixovos fichas para seguir traballando.*

XOVES 11: *Hoxe imos aprender como se comunican as abellas. Son moi bailongas e a través da danza ensinan onde está o alimento. Neste capítulo de Maya o imos ver:*

<https://www.youtube.com/watch?v=VgD6gCSWvpw>



DANZA EN CÍRCULO:

O alimento está cerca.

DANZA EN OITOS:

O alimento está lonxe.

Lembrades a canción La Abejita Baila? Pois imos bailar un pouco:

https://www.youtube.com/watch?v=IDH_iQy8WBE

**Rematamos as tarefas de hoxe coa ficha que está ó final.*

VENRES 12 :Esta actividade é moi sinxela e só



precisades unha culler, unha botella de plástico e canicas, garavanzos ou similar. A ver cantas bolinas podedes meter?

Para seguir


practicando motricidade fina, tedes dúas fichiñas, unha dun pito para pintar cos dedos e outra dun labirinto tamén para pintar cos dedos ou con rotus, ceras...

LUNS 15: Hoxe imos ver un conto e facer unas actividades relacionadas con el. É o conto de RICINIÓS DE OURO E OS TRES OSOS.:

<https://www.youtube.com/watch?v=b2Eahml1x5M>

Mentres o vemos podemos repasar contidos como:

- Números 1,2,3
- Pequeno, mediano, grande
- Quente, frío
- Alto, baixo
- Duro, brandos...



Despois podemos facer uns monicreques seguindo os modelos que vos deixo nas fichas finais. Cando teñamos a Riciños e os Tres Osos feitos, contamos o conto coa axuda da ficha.

Podedes gravarvos contando o conto, será moi divertido!!!

E ata aquí as actividades propostas para esta semana. Espero que as disfrutedes e traballedes moito!!!




Un saúdo,

María.






Repasa los siguientes números



tres



CONTA, ESCRIBE O NÚMERO E REPASA



COLOREA:



A: 

E: 






I: 

O: 

U: 



REPASA AS VOGAIS E COLOREA OS DEBUXOS SEGUNDO A LETRA POLA QUE EMPECEN:








**CANDO UNHA ABELLA ATOPA O ALIMENTO PONSE A BAILAR
DUNHA MANEIRA ESPECIAL**





pintar con los dedos



SEGUIE O CAMIÑO COLOREANDO CON CERAS OU PINTURA




SEGUE O CAMIÑO COLOREANDO CON CERAS OU PINTURAS







RICITOS DE ORO



COLORIN
COLORADO